



ÁMBITO CIENCIAS

1. IDENTIFICACIÓN

TÍTULO DA TAREFA: OS MEDIOS DE TRANSPORTE

ETAPA: Educación Infantil

NIVEIS: 4º, 5º e 6º

ÁMBITO / ÁREAS: Descubrimento e Exploración da Contorna e Crecemento en Harmonía

PROFESORADO: Mari e Paula Rey

DESCRIPCIÓN DA TAREFA

Coñecer os medios de transportes a través de actividades lúdicas vinculadas ao ámbito científico.

XUSTIFICACIÓN

Os alumnos de Educación Infantil deben de coñecer a importancia que os medios de transporte teñen na nosa vida diaria. A través deles as persoas podemos realizar desprazamentos entre dous lugares/ou transportar mercadorías.

CONTEXTO

Alumnado de 4º, 5º e 6º de Educación Infantil. Teremos en conta as necesidades e capacidades de cada grupo.

2. CONCRECIÓN CURRICULAR

ACTIVIDADES	CRITERIOS DE AVALIACIÓN/ INDICADORES	INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN
Asemblea	CA3.5. Respectar a secuencia temporal asociada aos acontecementos e actividades cotiás, adaptándose ás rutinas establecidas para o grupo e desenvolvendo comportamentos respectuosos cara ás demais persoas.	- Escala de valoración (rúbrica) - Rexistro de observación directa
Bandexas sensoriais: terra, mar e aire	CA1.1. Establecer distintas relacóns entre os obxectos a partir das súas calidades ou atributos mostrando curiosidade e interese. CA3.6. Resolver con iniciativa e autonomía actividades da vida cotiá, colaborar en tarefas e aceptar as normas.	- Escala de valoración (rúbrica) - Rexistro de observación directa
Construímos os nosos vehículos	CA3.1. Manexar diferentes obxectos, útiles e ferramentas en situacóns de xogo e na realización de tarefas cotiás, mostrando un control progresivo e de coordinación de movementos de carácter fino. CA3.6. Resolver con iniciativa e autonomía actividades da vida cotiá, colaborar en tarefas e aceptar as normas.	- Escala de valoración (rúbrica) - Rexistro de observación directa
Viaxamos por terra, mar e aire	CA4.1. Adecuar as súas accións e reaccións a cada situación, nunha interacción lúdica e espontánea coa contorna, explorando as súas posibilidades motoras e perceptivas e progresando en autonomía, precisión, seguridade, coordinación e intencionalidade. CA3.6. Resolver con iniciativa e autonomía actividades da vida cotiá, colaborar en tarefas e aceptar as normas.	- Escala de valoración (rúbrica) - Rexistro de observación directa
Taller mecánico	CA3.1. Manexar diferentes obxectos, útiles e ferramentas en situacóns de xogo e na realización de tarefas cotiás, mostrando un control progresivo e	- Escala de valoración (rúbrica)

	de coordinación de movementos de carácter fino. CA3.6. Resolver con iniciativa e autonomía actividades da vida cotiá, colaborar en tarefas e aceptar as normas.	-Rexistro de observación directa
Experimento globo	CA2.7. Participar en proxectos empregando dinámicas e estruturas cooperativas, compartindo e valorando opinións propias e alleas e expresando conclusións persoais a partir delas. CA2.4. Expor hipóteses sobre o comportamento de certos elementos ou materiais verificándoos a través da manipulación e da actuación sobre eles. CA3.6. Resolver con iniciativa e autonomía actividades da vida cotiá, colaborar en tarefas e aceptar as normas.	- Escala de valoración (rúbrica) -Rexistro de observación directa
*Actividades de ampliación Mural colectivo. Visionado de vídeos. Xogos interactivos na pantalla dixital.	CA2.7. Participar en proxectos empregando dinámicas e estruturas cooperativas, compartindo e valorando opinións propias e alleas e expresando conclusións persoais a partir delas. CA3.6. Resolver con iniciativa e autonomía actividades da vida cotiá, colaborar en tarefas e aceptar as normas.	- Escala de valoración (rúbrica) -Rexistro de observación directa
*Actividade de reforzo Xogos por recantos.	CA1.1. Establecer distintas relacóns entre os obxectos a partir das súas calidades ou atributos mostrando curiosidade e interese. CA3.6. Resolver con iniciativa e autonomía actividades da vida cotiá, colaborar en tarefas e aceptar as normas.	- Escala de valoración (rúbrica) -Rexistro de observación directa
CONTIDOS ESPECÍFICOS DA TAREFA		
- Os medios de transporte e a súa importancia na sociedade. -Tipos de medios de transporte: Aéreos, marítimos e terrestres.- Traballo en equipo		

3. TRANSPOSICIÓN DIDÁCTICA

ACTIVIDADE	LUGAR DA ACTIVIDADE	AGRUPAMENTO	RECURSOS	TEMPORALIZACIÓN
Asemblea	Aula de experiencias	Gran grupo		20 minutos
Bandexas sensoriais: terra, mar e aire	Aula de experiencias	Pequenos grupos ou parellas	Bandexas, algodón, auga, terra, area...	30 minutos
Construímos os nosos vehículos	Aula de experiencias	Pequenos grupos ou parellas	Material de refugallo, pezas de construcción de madeira,...	30 minutos
Viaxamos por terra, mar e aire	Aula de psicomotricidade	2 grupos	Tarxetas de vocabulario, pezas de espuma, aros...	30 minutos
Taller mecánico	Aula de psicomotricidade	Pequenos grupos ou parellas	Cartón, ferramentas de xoguete,...	30 minutos
Experimento globo	Aula de experiencias	Pequenos grupos	Globo, botella plástico, vinagre, bicarbonato,...	20 minutos
Actividades ampliación	Aula de experiencias Aula Frida Khalo	Pequenos grupos	Útiles de pintura, papel,... Pantalla dixital	-
Actividades de reforzo	Aula de experiencias	Pequenos grupos	Obxectos manipulativos.	-

4. AVALIACIÓN

ASPECTOS A AVALIAR	INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN	PROCEDIMENTOS DE AVALIACIÓN
ALUMNADO (ensinanza-aprendizaxe)	<ul style="list-style-type: none"> - ESCALA DE VALORACIÓN (Rúbrica) - REGISTRO DE OBSERVACIÓN DIRECTA 	<p>Como? mediante a observación directa e sistemática. Quen? As mestras que interveñen na tarefa. Cando? Ao remate de cada xornada de ámbito. Farase fincapé nos aspectos positivos.</p>
PRÁCTICA DOCENTE	<ul style="list-style-type: none"> - FICHA RECOLLIDA DE INFORMACIÓN 	<p>Como? Cumprimentando a ficha. Quen? As mestras que interveñen na tarefa. Cando? Ao remate de cada xornada de ámbito. Farase fincapé nas propostas de mellora e nos aspectos positivos.</p>

RÚBRICA						
	ITEMS	4	3	2	1	CRITERIOS DE AVALIACIÓN
TRABALLO EN EQUIPO	A. ACEPTE E VALORA AS APORTACIÓN DO GRUPO	Acepta e valora as aportacións do grupo aínda que sexan diferentes ás súas e procura incluí-las no traballo.	Procura aceptar as aportacións do grupo aínda que sexan diferentes ás súas.	Cústalle aceptar as aportacións do grupo pero móstrase aberto á reflexión con axuda dun adulto.	Cústalle aceptar aportacións diferentes ás súas e non mostra interese por facelo.	CA2.7. CA3.5.
	B. PARTICIPA NAS DINÁMICAS DE TRABALLO EN EQUIPO	Mostra interese por participar activamente e con concentración no traballo co grupo, durante toda a actividade e con actitude proactiva.	Mostra interese por participar activamente e con concentración no traballo co grupo, de forma habitual e durante a maior parte da actividade.	Mostra interese por participar activamente no traballo co grupo, pero só en determinados momentos do proceso.	Non mostra interese por participar no traballo co grupo, agás nalgúnha actividade do seu agrado.	CA3.6. CA2.7. CA3.5.
	C. PIDE, ACEPTE E OFRECE AXUDA AO GRUPO	Pide ou ofrece axuda de forma natural cando é preciso de xeito respectuoso e non invasivo.	Pide ou ofrece axuda de forma natural cando é preciso.	Pide ou ofrece axuda de forma forzada cando resulta moi necesario, pero non lle resulta agradable facelo.	Non pide axuda cando a precisa nin a ofrece.	CA3.6. CA2.7. CA3.5.
	D. RESPECTA AS NORMAS DE COMPORTAMENTO	Respecta habitualmente as normas de comportamento, e axuda a que o resto tamén o faga.	Respecta habitualmente as normas de comportamento.	Respecta habitualmente as normas de comportamento.	Non respecta habitualmente as normas de comportamento.	CA3.6.

ORGANIZACIÓN	E. ORGANÍZASE PARA TRABALLAR EN EQUIPO, CUMPRE OS ACORDOS E AS NORMAS DE TRABALLO	Realiza, de xeito guiado, a secuencia e a temporalización das actuacións, tendo en conta os recursos que se necesitan, buscando solucións aos imprevistos e respectando os acordos do equipo.	Realiza, de xeito guiado, a secuencia e a temporalización das actuacións, tendo en conta os recursos que se necesitan e, coa axuda do adulto, busca solución aos imprevistos.	Realiza, de xeito guiado, a secuencia e a temporalización das actuacións.	Cústalle seguir o paso das actividades e cumplir os acordos do equipo.	CA3.6. CA2.7.
COMPRENSIÓN E ADQUISICIÓN DAS APRENDIZAXES	F. É QUEN DE COMPRENDER E ADQUIRIR AS APRENDIZAXES PLANIFICADAS	É quen de comprender os contidos traballados, de adquirilos e de inferir ideas e consecuencias a partir deles.	É quen de comprender a maior parte dos contidos traballados e de adquirilos.	É quen de comprender parte dos contidos traballados, pero non de adquirilos.	Non é quen de comprender os contidos traballados nin de adquirilos.	CA1.1. CA3.1 CA4.1. CA 2.4.

DESEÑO DA TAREFA – LISTA DE COTEXO

A tarefa está adaptada ás características e necesidades do contexto real da aula e respecta a atención á diversidade.	<input type="checkbox"/>	<input checked="" type="checkbox"/>
As actividades deseñadas atópanse na Zona de Desenvolvemento Próximo (ZPD) do alumnado.	<input type="checkbox"/>	<input checked="" type="checkbox"/>
Os obxectivos redactados foron os axeitados para poder ser acadados con éxito.	<input type="checkbox"/>	<input checked="" type="checkbox"/>
Alcanzáronse os principais obxectivos propostos.	<input type="checkbox"/>	<input checked="" type="checkbox"/>
Traballáronse todos os estándares de aprendizaxe seleccionados na planificación da tarefa.	<input type="checkbox"/>	<input checked="" type="checkbox"/>

A avaliación integrouse como un elemento máis da aprendizaxe e non como un elemento paralelo á mesma.		
Os instrumentos de avaliação resultaron prácticos e eficaces.		
Existe coherencia entre todos os elementos que componen a tarefa.		
Os recursos utilizados foron axeitados e de fácil acceso.		
A temporalización prevista axustouse á realidade.		
Foi necesario engadir algún elemento non previsto.		
Recolléronse propostas de mellora de forma práctica e eficaz.		
Está axustada á normativa vixente e ao Proxecto Educativo do Centro.		
Existe claridade na linguaxe utilizada no seu deseño e planificación.		